

CINE

Agua

A película conta unha intimista, tenra e dura historia de amor a beiras do río Ganges, marcada pola presenza das viúvas hindúes que viven recrutadas e condenadas a todo tipo de privacións. Chuyia ten oito anos. Está na idade en que outras nenas só pensan en xogar e, sen embargo, ela xa é viúva.



Tomates verdes fritos

Director: Jon Avnet


Evelyn, unha muller de mediana idade que vive frustrada pola súa gordura e a incompreensión do seu marido, coñece a Ninny, unha anciá que vive nun asilo. Esta cóntalle unha historia ocorrida na súa vila de Alabama. É o relato da gran amizade que unía a dúas mulleres e o misterioso asasinato do marido dunha delas.



El color Púrpura

Director: Steven Spielberg


A historia céntrase na vida de Celie, unha moza negra, a principios de século. Celie ten 14 anos e está embarazada do seu propio pai. Continúa así a súa difícil existencia 30 anos mais, pero Celie ten unha obsesión, aprender a ler. Aínda que o seu marido, o señor, prohíbello, escóndelle as cartas, pégalle, ela consegue aprender a ler descubriendo o mundo e conseguindo un lugar na sociedade.



Osama

Director: Siddiq Barman

Durante o réxime dos talibáns, a vida do pobo afgano estivo regulada de xeito implacable, ata nos seus máis mínimos detalles, póla interpretación extremista dese conxunto de estudantes de teoloxía sobre as leis do Corán. A película, dunha contundente sinxeleza, resalta as durísimas condicións da muller no Medio Oriente, que perduran aínda despois da saída dos talibáns do poder.



LIBROS

A Ferida

Paz Rey, Begoña
Edicións Xerais

A ferida é un libro que fala, sobre todo, das mulleres. Aínda que, por riba diso, fala da vida, desa vida que ás veces se atrincheira nos nosos corpos, seguros baixo as máscaras, protexéndonos coas mentiras de sempre, ignorando que a felicidade vai máis alá dunhas poucas faíscas que enganan a vista. Coma se o feito de pechar os ollos abondase para fuxir da infinda tristura de estar vivo, para gozar da infinda beleza da existencia.



A cabeza de Medusa

Aleixandre, Marilar.
Edicións xerais.

Unha festa de disfraces acaba de madrugada nun camiño afastado onde Sofía e Lupe son violadas. Durante os días que seguen descubrirán que, como a Medusa, moitos non se atreven a miralas en fite. Son elas quen deben avergoñarse? Iso non ocorrería se non levasen minisaia? É mellor non denunciar, non procurar complicacións? Inspirada no mito de Medusa, quen foi castigada despois de ser violada a levar serpes por cabeleira. Dende a mesma noite da agresión vai comezar para as dúas mozas o pedregoso camiño da busca da xustiza.



I.E.S. Pontepedriña

CAMPAÑA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

BIBLIOTECA

Pide os libros e os dvds
na biblioteca

Antigua vida mía


Director: Héctor Olivera

Violeta unha muller aberta, positiva e namorada, desexosa de ser nai, é sen embargo maltratada polo alcohólico co que está casada, un recoñecido escritor. Violeta acusada de asasinar ao seu marido enfróntase a un xuízo e cárcere.



Antonia

Director: Maleen Gorris



Antonia é unha muller adorable que lembra a súa vida cando está a piques de morrer. Remóntase ao final da Segunda Guerra Mundial, cando regresou á súa vila natal coa ilusión de comezar unha nova vida. Ocúpase da casa da súa nai, que acaba de falecer. Alí vive xunto á súa filla, e a pesar das adversidades ás que ten que facer fronte, apáñase para levar unha existencia feliz.

Te doy mis ojos

Directora: Iciar Bollain

Unha noite de inverno, unha muller, Pilar, sae fuxindo da súa casa. Leva consigo a penas catro cousas e o seu fillo. Antonio non tarda en ir buscala. Ao longo da película, os personaxes iran reescribindo ese libro de familia no que está escrito quen e quen pero no que todos os conceptos están equivocados, e onde di fogar lese inferno, onde di amor hai medo e o que promete protección produce terror.



Thelma y Louise



Thelma é unha ama de casa que vive unha existencia nada gratificante xunto a Darryl, o seu home, un machista detestable que a trata como a unha nena. Louise traballa como camareira nunha cafetería mentres desexa que Jimmy, o seu mozo, lle pida matrimonio. As dúas deciden que necesitan unha fin de se-

mana afastadas da rutina, e emprenden unha viaxe na que acadarán un punto sen retorno.

CINE

Destrución

López Rodríguez, Xavier
Edicións Xerais

LIBROS



"Destrución" é a historia dun episodio de dominación e humillación, longo e prolongado como a vida mesma. E ao mesmo tempo, e sobre todo, Destrución é unha historia de rebelión e de vinganza, dun brutal axuste de contas ante tanta humillación; un axuste de contas que a protagonista, Felisa, se encarga de executar.

O Inferno de Marta

Alapont, Pascual
Edicións Xerais

Esta é a historia de Marta, unha moza que se namorou da persoa equivocada; pero tamén é a historia dunha amizade a proba de bombas que cativa pola súa tenrura. O libro complétase con A máscara do amor, un texto no que o psicólogo e criminalista Vicente Garrido analiza os comportamentos de risco que calquera persoa moza debería ter en conta para evitar caer no inferno do maltrato físico ou psico-



Las hermanas Grimes

«Ningunha das irmás Grimes estaba destinada a ser feliz, e ao botar unha ollada retrospectiva sempre dá a impresión de que os problemas comezaron co divorcio dos seus pais.» Así empeza esta maxistral novela do autor de Vía Revolucionaria: a historia de dúas irmás que constrúen as súas vidas por camiños opostos.



El diario azul de Carlota

Lienas, Gema

Carlota, decide facer un traballo para o colexio sobre violencia de xénero. A través das súas experiencias e investigando en casos ten ao seu redor, a protagonista do libro vai organizando fichas para a presentación do seu traballo e establecendo as diferentes definicións do que pode considerarse como violencia de xénero. Carlota vive tamén o problema directamente cunha das súas amigas máis achegadas.



LIBROS